

AS CANLES DE CROAS DE FIGUEIRIDO

As canles encóntranse no lugar de As Croas, zona Noroeste da parroquia de Figueirido, Concello de Vilaboa, Provincia de Pontevedra preto da estrada que se dirixe ó Lago de Castiñeiras. Estas canles feitas de pedra presentan unha forma, paraboloide, de un metro de longo e uns dous metros de ancho aproximadamente. Ela traballadas á man. Xeograficamente, As Canles encóntranse invadindo o caudal do Rego de Filgueira ou Sabaxáns. Este Rego nace no lugar de A Pousa en Figueirido, atravesa Portafoxo e chega As Croas, onde están As Canles.

Presenta dúas canles cunha separación en forma de cuña que bifurca o caudal do Rego de Filgueira, separando as augas en dúas:

1. A canle da esquerda, vai cara o lugar de Sabaxáns e Ponte Filgueira, en Figueirido e Bértola. Neste momento o regato segue denominándose Rego de Filgueira ou Sabaxáns.
2. A canle da dereita, vai cara o lugar de As Croas e Balteiro, en Figueirido. A partir de aquí no principio o torrente pasa a denominarse Rego Reguei Bazal, Rebazal ou Bazal. Máis adiante pasa a denominarse Rego da Antighidá o seu paso polos Muiños que recollen ese mesmo nome, Muiños da Antighidá. Actualmente quedan dous muiños dos catro que existían orixinariamente, destes dous, un está completamente restaurado e listo para moer. O Rego da Antighidá forma tres conxuntos de pozos artificiais, algún deles en uso, denominados os Pozos de Bazal (Chan do Vilar), a continuación os Pozos da Antighidá e os Pozos de Padróns.

A separación, do caudal que xenera As Canles, tanto cara Bértola coma cara Figueirido, desemboca no Río dos Gafos. A vertente do Rego Filgueira ou Sabaxáns desemboca no lugar de Paradelos. E vertente do Rego Bazal desemboca en Tian.

As Canles, forman parte da marabillosa, múltiple e variada riqueza etnográfica e cultural con que contan Figueirido e Bértola. Son o inicio funcional do aproveitamento acuífero da ladeira Oeste do Coto Redondo, exactamente no lugar de A Pousa e Portafoxo. Ese traballo de pedra manufacturado de simple resolución, servía para facer a partición da auga para o rego en cultivos temporais, tanto naladerira como no fondo do Val Norte-Sur. O cultivo maioritario que se traballaba era o millo. Contan que as canles fixéronse como consecuencia dunha morte, pola discusión de dous regantes. O nome con que se coñece, e como a definen os informantes e AS CANLES.

A información foi recadada en documentos oficiais do Concello de Vilaboa, no libro Vilaboa do Morrazo de Manuel Castiñeiras Guerra e tamén documentada oralmente por dos informantes nos que agradezo a súa sensibilidade nestes temas así como a súa colaboración, Manuel Portela Canosa e Leonardo Pérez López.

Manuel Portela